

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 8 DE MAIO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO EN PROPIEDAD POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA (1) PRAZA DE CATEGORÍA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO A) (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA DO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 1787/2022.

Con data 26 de maio de 2023 e sendo as 8:30 horas, reúnese de maneira presencial, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín, pertencente ao subgrupo A1, como funcionario/a de carreira baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Don Antonio Santos Guerra, Dona María del Carmen Méijome Álvarez e Dona Isabel Areán González; actuando como Secretario, Don Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Enténdese constituído o tribunal.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de decembro de 2022, procedeuse á aprobación das bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre dunha (1) praza de categoría de Técnico de Administración Xeral (grupo A) (subgrupo A1) da escala de Administración xeral, subescala técnica do Concello de Lalín.

Asemade, mediante a Acta emitida por este Tribunal con data 23/05/2023, convocouse aos aspirantes que superaron a primeira proba (tipo test) para a realización da segunda proba que tería lugar o día 26/05/2023 ás 9.00 h na Casa Consistorial.

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de poder organizar a elaboración deste segundo exercicio da fase de oposición.



2.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo coa base XI das que regulan o proceso selectivo en cuestión, o **Segundo exercicio:** “Consistirá en desenvolver por escrito dez preguntas cortas, dentro do temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a determinar polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. O tempo máximo para a realización do presente exercicio será de dúas horas.

O Tribunal cualificará o exercicio avaliando, ademais dos coñecementos, a claridade, orde e capacidade de relación de ideas, a calidade de exposición escrita, a capacidade de síntese así como a achega persoal.

A lectura deste exercicio poderá ser acordada polo Tribunal para o que convocará aos aspirantes para ese efecto.

A inasistencia dos aspirantes á lectura determinará a súa exclusión do procedemento.

O Tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante sobre a materia obxecto do mesmo durante un prazo máximo de quince minutos.

A proba ou exercicio será cualificado de cero a dez puntos, requirindo alcanzar a puntuación mínima de cinco puntos para ser aprobado.”

Por ende este Tribunal determina que:

De acordo coas bases reguladoras do proceso selectivo en cuestión o segundo exame consiste en desenvolver por escrito dez preguntas cortas, dentro do temario correspondente ao Anexo I, parte específica, a determinar polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. O tempo máximo para a realización do presente exercicio será de dúas horas.

Por acordo dos membros do tribunal acórdase que para a elaboración do exame cada membro do tribunal propoña dúas preguntas procedéndose á composición do mesmo así como a impresión de tantas copias como aspirantes ao proceso selectivo que obtiveron a condición de personas aptas no primeiro exercicio. Éstas son introducidas nun sobre pechado e asinado na solapa polo Secretario do Tribunal. Tamén que cada pregunta teña a mesma puntuación: 1,00 punto.

Por outra banda, cada membro do Tribunal achega o contido da resposta que é considerada axeitada á pregunta formulada.



3.- ANONIMATO DOS ASPIRANTES.

Á vista das indicacións dadas polo Tribunal o día da proba tipo test aos aspirantes, de introducir nun sobre pechado os seus datos xunto co código que se lles asignou co fin de preservar o seu anonimato, e reunido este mesmo Tribunal, procedese a apertura de ditos sobres. En consecuencia, fanse públicas as puntuacións definitivas outorgadas ás persoas aspirantes que superaron a primeira proba do proceso selectivo:

Número de código	Nome e Apelidos	DNI	Puntuación
m9jL2w	David Diéguez Carreira	***4937**	24,00
ItpH59	María Brea Mella	***0692**	23,20

4.- IMPRESIÓN DO EXAME.

Unha vez elaborada este proba procédese á impresión da mesma, có número de copias necesario, sin perder en ningún momento o contacto visual das mesmas por parte dos membros do Tribunal.

5.- REALIZACIÓN DA PROBA

Sendo as 8:55h, os membros do Tribunal diríxense cara o lugar de celebración do exame e proceden a efectuar o chamamento das persoas aspirantes.

Ás 09.10 h comenza a realización da segunda proba do proceso selectivo, tendo unha duración de 120 minutos e rematando, polo tanto, ás 11.10 h.

6.- CORRECCIÓN DA PROBA

Con posterioridade á finalización da segunda proba (10 preguntas cortas), os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.

As puntuacións acadadas polos aspirantes nesta proba, son as seguintes:

Nome e Apelidos	DNI	Puntuación
David Diéguez Carreira	***4937**	Non Presentado
María Brea Mella	***0692**	6,70

En relación con dita proba, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello



de Lalín.

7- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 14:30 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

